



Centro Galego de Castelló " O Aturuxo"

Mercres, 6 Maio do 2013

LETRAS GALEGAS 2014

DIA DAS LETRAS GALEGAS 2013

A RAG dedica este día o bardo **Xosé M^a Díaz Castro** (Guitiriz 1914- Lugo 1990), A nosa entidade sumase a esta celebración co seguinte programa de actos:

SALON SOCIAL CENTRO GALEGO (PEREZ DOLZ)

VENRES 16 AS 20:30H

"SOMBRAS RADIANTES" exposición da obra de Díaz Castro , permanecerá exposta hasta o día 20 de Maio. Proxección da curtametraxe "O Instante eterno" de Xosé Antonio Cascudo

DIA DAS LETRAS GALEGAS EN CASTELLON

SÁBADO 17 AS 20:30h

"LEBRANDO AS PEGADAS DE XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO" Faladoiro a cargo da escritora e poeta lucense, Secretaria e Delegada-Coordinadora de Cultura da Asociación Poesía del Mediterráneo, **Ana Arias Saavedra**.

O remate servirase un viño galego e uns petiscos
Tódolos actos son abertos podendo asistir con convidados

VISITA CULTURAL ALICANTE

En Colaboración coa Dirección Xeral de Participación Cidadan da Generalitat Valenciana, realizaremos unha visita a cidade de Alicante, o vindeiro **Martes 10 de Xuño**, visitando a sede do Consell o Castillo de Santa Barbara e museo Provincial

PREZO INCLUIDO XANTAR: DE BALDE

ANTE O NUMERO LIMITADO DE PRAZAS (45) É IMPRESCENDIBLE A INSCRIPCIÓN INDICANDO: DNI, TFNO, E LUGAR DE RECOLLIDA

Salidas: 06:45 Parque Panderola Grao,
06:50h Plaza Centro Gallego,
06:55 Avda Casalduch e IES Matilde Salvador
07:00h Avda Valencia (Rot, LIDL)

RESERVAS; antes 07 Xuño Bar Local Social (Perez Dolz 9) 964 22 85 08

Podes traer convidados

REGRESO A CASTELLÓN PREVISTO AS 21:00h

DIA DAS LETRAS GALEGAS 2013

La RAG, dedica este día al poeta **Xosé M^a Díaz Castro** (Guitiriz 1914-Lugo 1990), Nuestra entidad se suma a esta celebración con el siguiente programa de actos:

SALÓN SOCIAL CENTRO GALEGO (PEREZ DOLZ)

VIERNES 16 A 20:30H

"SOMBRAS RADIANTES" exposición de la obra de Díaz Castro, permanecerá expuesta hasta el día 20 de Mayo. Proyección del corto "O instante eterno" de Xosé Antonio Cascudo

DIA DAS LETRAS GALLEGAS EN CASTELLÓN

SÁBADO 17 A 20:30h

"LEBRANDO AS PEGADAS DE XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO" conferencia a cargo de la escritora y poeta lucense, Secretaria y Delegada-Coordinadora de Cultura de la Asociación Poesía del Mediterráneo. **Ana Arias Saavedra**

Al finalizar se servirá un vino gallego
Todos los actos son abiertos pudiendo traer invitados

VISITA CULTURAL ALICANTE

En colaboración con la Dirección de Participación Ciudadana de la Generalitat Valenciana, realizaremos una visita a la ciudad de Alicante, el próximo **Martes 10 de Junio**, visitando la sede del Consell, el Castillo de Santa Barbara y el museo Provincial.

PRECIO INCLUYENDO COMIDA: GRATUITO

ANTE EL NÚMERO LIMITADO DE PLAZAS (45) ES IMPRESCINDIBLE LA INSCRIPCIÓN INDICANDO: DNI,TFNO, Y LUGAR DE RECOGIDA.

Salidas: 06:45 Parque Panderola Grao,
06:50h Plaza Centro Gallego,
06:55 Avda Casalduch e IES Matilde Salvador
07:00h Avda Valencia (Rot, LIDL)

RESERVAS; antes 07 Junio Bar Local Social (Perez Dolz 9) 964 22 85 08

Puedes traer invitados

PREVISTO EL REGRESO A CASTELLÓN A 21:00H

Asdo,Presidente

Xose Filgueira

**¡ NA VOLTA DISPÓS DE MAÍS INFORMACIÓN!
¡ EN EL REVERSO DISPONES DE MÁ S INFORMACIÓN !**




Centro Galego de Castelló " O Aturuxo"

Mercres, 6 Maio do 2013

DIA DAS LETRAS GALEGAS

2014



*"Galiza en min, meu Deus, pan que me deron,
leite e centeo e soño e lus de aurora!
Longa rúa de mar, fogar da terra,
e esta crus que nos mide de alto a baixo".*

(Nimbos 1961)

Xosé Mª Díaz Castro 1914-1990



CENTRO GALEGO DE CASTELLÓ "O ATURUXO"

COLABORAN



Lémbrome ben de que, na miña época de estadia en Mondoñedo, dirixín unha revista absolutamente manuscrita, feita por estudantes". O poeta falaba tamén de que compuxo, nesa época, dous cadernos: Follas verdes e Follas ao vento. En 1931 publicou, en El Progreso Vilalbés, o primeiro texto en galego, Lembranzas e sospiros. Posteriormente, en carta a Fernández del Riego (14 de maio de 1959) dirá que "casi todo se ha perdido", en referencia á súa obra anterior.

En 1936 deixou o Seminario ao ser chamado para incorporarse ao exército. Logo dunha breve estadia na fronte de Asturias, é destinado ao Hospital Militar de Pontevedra. Rematada a Guerra Civil, 1939, volveu a Mondoñedo. Transcorridos uns meses abandonou definitivamente o Seminario e contactou co seu amigo Aquilino Iglesia Alvariño, que dirixía daquela o Colexio León XIII, en Vilagarcía de Arousa. Díaz Castro incorporouse a aquel centro escolar onde impartiu clases ata a súa marcha a Madrid.

Nos Xogos Florais de Betanzos, 1946, acadou a froil natural ao mellor poema en castelán coa composición El cántico de la ciudad, 112 versos, e o premio á mellor poesía en galego con Nascida d'un soño, tríptico de sonetos, publicados ambos e dous no Anuario Brigantino, en 1948 e 1951, respectivamente.

Cursa estudos de Filosofía e Letras e trasládase a Madrid, 1948. O seu dominio dunha boa parte das linguas europeas permítelle entrar a traballar como tradutor no Ministerio del Interior e, logo, no Instituto de Estudios Hispánicos. Nos anos sesenta, trasládase ao Consejo Superior de Investigaciones Científicas, encargándose do servizo de traducións do Instituto Científico y Técnico Juan de la Cierva, concretamente no Centro Experimental del Frío, onde acadará a súa xubilación.

Dende Madrid colaborou coa revista Alba, dirixida, en Vigo, por Ramón González Alegre. En 1955 aparecen, no tomo IV da Escolma de Fernández del Riego, poemas seus en galego que recollerá en Nimbos. En 1961, o 5 de xullo, sae do prelo da editorial Galaxia Nimbos, a súa obra cimeira. O libro foi saudado e loado por Ricardo Carballo Calero, Ramón Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro e outras voces autorizadas.

Díaz Castro retornou a Galicia en 1982, vivindo en Guitiriz co seu irmán Serafín e frecuentando a amizade de Alfonso Blanco Torrado, autor de Ascensión dun poeta (1955), ensaio merecente do IX Premio Ánxel Fole. Nesta etapa da súa vida, o poeta coñeceu e tratou algúns escritores galegos e colaborou con Dorna, publicando poemas e traducións en varios números da revista. Segundo o mesmo manifestou, en repetidas ocasións, a súa acollida por parte de Dorna, servíulle de "estímulo para retomar o hábito, para volver á poesía". Por iniciativa dos seus amigos Luís González Tosar, coordinador daquela de Dorna, e Alfonso Blanco Torrado, a Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz, en novembro de 1987, dedicoulle o volume Homenaxe a X. M. Díaz Castro. Cómpre destacar, así mesmo, que o d'Os Vilares foi importante tradutor, ao galego e ao castelán, de autores como Lamartine, Chesterton, Yeats, Whitman, Rilke... e que se ocupou tamén da crítica e do ensaio en revistas e xornais especializados como La Estafeta Literaria e Ínsula.

Finou en Lugo o 6 de outubro de 1990 e foi soterrado en Guitiriz. Deixou inéditos, en castelán, o poemario Sombras radiantes e unha longa composición, Melodía."